



O LIBRO, os libros

23 de abril

Nestes días homenaxeamos os nosos amigos os LIBROS no seu mes para que os implicados na súa produción, elaboración e difusión sintan a nosa calor, o noso agradecemento e a nosa gratitude.



O LIBRO

O **libro** é un dos representantes máis claros e importantes da cultura e unha das creacións máis relevantes do ser humano. Ten sido e segue sendo, aínda hoxe, o principal soporte e medio de transmisión da cultura, dos saberes, dos coñecementos infinitos que producen as persoas. Aparece como unha das formas máis comúns de rexistro de datos, información e outros aspectos que perfilan a identidade do ser humano como parte da civilización. A través deles establécese a comunicación con xeracións anteriores e ábrese unha ventá a outros mundos reais e ficticios moi interesantes.

Que saberíamos do pasado de non termos libros?

Para que un home sexa sabio ha de ler sempre, iso ilumina. A lectura que é un proceso cognoscitivo que, consiste na interpretación de signos gráficos por medio de recreacións mentais, permite ver o que non está presente, de modo que o libro é quen de transportar a unha persoa a outra época, estimula a imaxinación e a creatividade, mellora os procesos cognitivos como a concentración e a atención, mellora a comprensión de relación entre a realidade e a formación de conceptos, posibilita un aumento de vocabulario, transmite coñecementos e permite que a sociedade coñeza as ideas dun creador desenvolvendo en cada individuo un sentido crítico que fomenta ideas e achega un gran pracer mergullándonos nun universo inigualable.

Como podería ser a vida sen libros?

“Libros, camiños e días dan ao home sabiduría”

PROVERBIO ÁRABE

Recomendamos...

Para os máis pequenos:

ALBERTE MOMÁN, *A viaxe de Ana*, Galaxia
TOMIE DEPAOLA, *Oliver Button é unha nena*, Kalandraka

Para os medianos:

MAR GUERRA, *Rimalettras*, Galaxia
PERE TOBARUELA, *Mariña e o balón*, Xerais

Para os maiores:

MARÍA CANOSA, *O lado do que dormes*, Xerais
AMADOR CASTRO MOURE, *Shanghai a Barcelona*, Xerais

